


# 14 Probabilidade






O tema comeza coa clasificación dos experimentos en deterministas e de azar ou aleatorios, e os conceptos e terminoloxía de sucesos aleatorios e as operacións con sucesos. Exponse o concepto de probabilidade como unha constante á que se aproxima a fecuencia relativa dun suceso, defínese a regra de Laplace e enuméranse as propiedades da probabilidade. Móstrase a continuación un estudo de experimentos simples clasificados a partir dos problemas clásicos da probabilidade: problemas de moedas, de bolas, de dados e de cartas.

O tema finaliza co estudo dos experimentos compostos. Faise unha descripción de dous diagramas fundamentais para este estudo: os diagramas de árbore e os cartesianos, e as regras do producto e da suma.

Hai moitos fenómenos da vida cotiá nos que está presente a probabilidade. Por exemplo, cando un laboratorio descobre un medicamento, tras estudalo a fondo, proba en persoas voluntarias os seus beneficios, de maneira que se comprobe que non ten contraindicacións e que é eficaz para o tratamento dunha determinada enfermidade. Todos estos estudos fundaméntanse matematicamente na probabilidade.

### ORGANIZA AS TÚAS IDEAS



# 1. Experimentos aleatorios

PENSA E CALCULA



Ordena as seguintes expresións de menos probable a más probable: **case seguro, pouco probable, seguro, case imposible, probable, impossíble, bastante probable.**



## 1.1. Experimentos deterministas e de azar

Un **experimento é determinista** se, ao realizarse nas mesmas condicións, obtense sempre o mesmo resultado.

### Exemplo

Se se solta unha pedra desde a ventá dun segundo piso, sempre caerá cara ao chan.

Un **experimento é aleatorio ou de azar** se, ao realizarse nas mesmas condicións, non é posible predir o resultado.

### Exemplo

Se se bota un dado de seis caras, non se sabe que número vai saír.


A **probabilidade** estuda os experimentos aleatorios ou de azar. Actualmente, o cálculo de probabilidades trata de medir, con certo grao de certeza, ata que punto pode suceder un fenómeno.



### Exemplo

Observando o número de accidentes de tráfico e o que lle custa a unha compañía de seguros, pódese chegar a calcular aproximadamente cantos accidentes haberá ao ano seguinte e o que lle van custar á compañía. Así, en función diso, axustarán o prezo de cada seguro.

## 1.2. Sucesos e operacións



O **espazo da mostra** asociado a un experimento aleatorio está formado polo conxunto de todos os resultados que se poden presentar. Represéntase coa letra **E**.

Un **suceso elemental** é cada un dos resultados do espazo da mostra.

Un **suceso** é un conxunto de sucesos elementais. Estes represéntanse con letras maiúsculas, escribindo os seus elementos entre chaves e separados por comas.


### Exemplo

No experimento de botar un dado de seis caras:

Espazo da mostra:  $E = \{1, 2, 3, 4, 5, 6\}$

Sucesos elementais:  $\{1\}, \{2\}, \{3\}, \{4\}, \{5\}$  e  $\{6\}$


Sucesos:  $A = \{1, 2, 3, 4\}$ ,  $B = \{1, 3, 5\}$ ,  $C = \{2, 4, 6\} \dots$



O **suceso contrario** dun suceso A está formado por todos os sucesos elementais que non están en A. Represéntase con  $\bar{A}$

O **suceso seguro** é o que sempre se presenta, e é igual ao espazo da mostra E

O **suceso imposible** é o que nunca se presenta. Represéntase co símbolo  $\emptyset$




### Exemplo

Sucesos contrarios: se  $A = \{1, 2, 3, 4\} \Rightarrow \bar{A} = \{5, 6\}$

Suceso seguro:  $E = \{1, 2, 3, 4, 5, 6\}$

Suceso imposible:  $\emptyset$ , por exemplo que saia un 7

**Unión de dous sucesos A e B:** suceso formado por todos os sucesos elementais de A e de B. Represéntase:  $A \cup B$



**Intersección de dous sucesos A e B:** suceso formado por todos os sucesos elementais comúns a A e a B, é dicir, que están nos dous ao mesmo tempo. Represéntase:  $A \cap B$

Dous sucesos son **compatibles** se se poden presentar ao mesmo tempo, é dicir, se  $A \cap B \neq \emptyset$

Dous sucesos son **incompatibles** se non se poden presentar ao mesmo tempo, é dicir, se  $A \cap B = \emptyset$

### Exemplo


Dados os sucesos  $A = \{1, 2, 3, 4\}$ ,  $B = \{1, 3, 5\}$  e  $C = \{2, 4, 6\}$

Unión de dous sucesos:  $A \cup B = \{1, 2, 3, 4, 5\}$

Intersección de dous sucesos:  $A \cap B = \{1, 3\}$

Sucesos compatibles: A e B, pois  $A \cap B = \{1, 3\} \neq \emptyset$ ; e tamén A e C, pois  $A \cap C = \{2, 4\} \neq \emptyset$

Sucesos incompatibles: B e C, pois  $B \cap C = \emptyset$



Dise que un suceso **realízase, verífcase o preséntase** se, ao realizar unha proba do experimento aleatorio, obtense un resultado que é un elemento do suceso.

## APLICA A TEORÍA

1 Clasifica os seguintes experimentos como deterministas ou de azar:

- Botar unha moeda ao aire.
- Picar un globo.
- Frear un coche.
- Sacar unha carta dunha baralla.

2 Escribe dous experimentos deterministas.

3 Escribe dous experimentos de azar.

4 No experimento de botar unha moeda ao aire, busca:

- O suceso seguro.
- Un suceso imposible.

5 No experimento de botar ao aire un dado en forma de dodecaedro coas caras numeradas do 1 ao 12, busca:

- O espazo da mostra.
- Os sucesos elementais.
- O suceso A formado polos múltiplos de 3
- O suceso contrario  $\bar{A}$
- O suceso B formado polos números pares.
- O suceso  $A \cup B$
- O suceso  $A \cap B$ . Os sucesos A e B son compatibles ou incompatibles?

## 2. Regra de Laplace

PENSA E CALCULA



- Se botamos unha moeda ao aire, que resultado é máis probable, cara ou cruz?
- Se botamos unha chincheta ao aire, que resultado é máis probable, que quede coa punta cara arriba ou coa punta cara abajo?



### 2.1. Frecuencia dun suceso

A **frecuencia absoluta dun suceso A**, ao realizarse un experimento N veces, é o número de veces que se verifica o suceso A. Represéntase por **n**

A **frecuencia relativa dun suceso A**, ao realizarse un experimento N veces, é igual ao cociente da frecuencia absoluta **n**, dividido polo número total de veces **N** que se repetiu o experimento. Represéntase por **f**

$$f = \frac{n}{N}$$



#### Exemplo

Botamos unha moeda ao aire 50 veces e obtemos 28 caras.

A frecuencia absoluta de obter cara é  $n = 28$

A frecuencia relativa de obter cara é  $f = \frac{28}{50} = \frac{14}{25} = 0,56$

### 2.2. Lei dos grandes números

A **lei dos grandes números** di que a frecuencia relativa dun suceso tende a estabilizarse cara a unha constante a medida que se repite o experimento moitas veces.



#### Exemplo

Repítense moitas veces o experimento de botar ao aire unha chincheta, obsérvase se queda coa punta cara arriba e anótase o número de veces que isto suceda.

Nº de lanzamientos	N	10	20	30	40	50	60	70	80	90	100
Frecuencia absoluta	n	8	12	20	30	33	38	46	55	59	67
Frecuencia relativa	f	0,8	0,6	0,67	0,75	0,66	0,63	0,66	0,69	0,66	0,67

### 2.3. Probabilidade a través da frecuencia

A **probabilidade** dun suceso é a constante á que se aproxima a frecuencia relativa cando o experimento se repite moitísimas veces.

#### Exemplo

Ao botar ao aire unha chincheta, parece que a probabilidade de quedarr coa punta cara arriba estabilízase cara 0,67, que pode ser  $2/3$ , aproximadamente.

## 2.4. Regra de Laplace

Os **sucesos elementais** do espazo dunha mostra son **equiprobables** se teñen a mesma posibilidade de presentarse. Só nestes casos se pode aplicar a regra de Laplace.

### Estratexia

Nos problemas de probabilidade, débese escribir sempre o espazo da mostra e o suceso do que se ten que calcular a probabilidade.

### Exemplo

Se os sucesos A e B son compatibles e  $P(A) = 1/3$ ,  $P(B) = 2/3$  e  $P(A \cap B) = 1/4$

Calcula:  $P(A \cup B)$

Aplicamos a fórmula:

$$P(A \cup B) =$$

$$= P(A) + P(B) - P(A \cap B)$$

$$P(A \cup B) = \frac{1}{3} + \frac{2}{3} - \frac{1}{4} = \\ = \frac{4 + 8 - 3}{12} = \frac{9}{12} = \frac{3}{4}$$

$$\begin{array}{|c|c|c|c|c|c|} \hline & 1 & ab/c & 3 & + & 2 & ab/c & 3 \\ \hline & - & 1 & ab/c & 4 & = & 3 & \lrcorner & 4 \\ \hline \end{array}$$

A **regra de Laplace** di: a probabilidade dun suceso A, do espazo dunha mostra E, formado por sucesos elementais **equiprobables**, é igual ao número de casos favorables dividido polo número de casos posibles:

$$P(A) = \frac{\text{Nº de casos favorables ao suceso A}}{\text{Nº de casos posibles}}$$

### Exemplo

Calcula a probabilidade de obter un múltiplo de 3 ao botar un dado de 6 caras.

$$\left. \begin{array}{l} \text{Espazo da mostra: } E = \{1, 2, 3, 4, 5, 6\} \\ \text{Suceso A} = \{3, 6\} \end{array} \right\} \Rightarrow P(A) = \frac{2}{6} = \frac{1}{3} = 0,33$$

## 2.5. Propiedades da probabilidade

As seguintes propiedades da probabilidade dedúcense da definición de probabilidade a través da frecuencia relativa, ou ben aplicando a regra de Laplace:

- A probabilidade do suceso seguro é un:  $P(E) = 1$
- A probabilidade do suceso imposible é cero:  $P(\emptyset) = 0$
- A probabilidade de calquera suceso está comprendida entre cero e un:  $0 \leq P(A) \leq 1$
- A probabilidade do suceso contrario é:  $P(\bar{A}) = 1 - P(A)$
- Se os sucesos A e B son incompatibles:  $P(A \cup B) = P(A) + P(B)$
- Se os sucesos A e B son compatibles:  $P(A \cup B) = P(A) + P(B) - P(A \cap B)$

## APLICA A TEORÍA

6 Lanzamos ao aire unha chincheta 25 veces. Delas, 10 veces queda coa punta cara abaixio e 15 veces cara arriba. Atopa:

- A frecuencia absoluta de que quede coa punta cara arriba.
- A frecuencia relativa de que quede coa punta cara arriba.

7 Aplicando a regra de Laplace, calcula a probabilidade de obter un número impar ao botar un dado cúbico coas caras numeradas do 1 ao 6

8 Se nun experimento  $P(A) = 1/3$ , calcula  $P(\bar{A})$

9 Se os sucesos A e B son incompatibles con:

$$P(A) = 1/2 \text{ e } P(B) = 1/3$$

calcula  $P(A \cup B)$

10 Calcula as frecuencias relativas de obter un 1 no lanzamento dun dado de quinielas, e debuxa o gráfico lineal correspondente.

Un dado de quinielas ten tres 1, dous X e un 2.

Que probabilidade de que saia un 1 deduces que ten?

N	20	40	60	80	100
n	14	25	30	35	52
f					

11 Se os sucesos A e B son compatibles con:

$$P(A) = 1/2, P(B) = 1/2 \text{ e } P(A \cap B) = 1/3$$


calcula  $P(A \cup B)$

### 3. Experimentos simples

PENSA E CALCULA



Calcula a probabilidade de obter unha bóla vermella de cada unha das seguintes urnas, e asocia cada unha destas probabilidades coas seguintes expresións: **case seguro, pouco probable, seguro, case imposible, probable, impossible, bastante probable.**



#### 3.1. Problemas de moedas

Se se bota ao aire unha moeda, pode saír cara, C, ou cruz, X, logo a probabilidade de obter cara é igual á probabilidade de obter cruz e igual a  $1/2$


##### Exemplo

Bótase ao aire unha moeda. Cal é a probabilidade de obter cara?

$$\left. \begin{array}{l} E = \{C, X\} \\ A = \{C\} \end{array} \right\} \Rightarrow P(A) = \frac{1}{2}$$

#### 3.2. Problemas de bolas

Se se ten unha urna con bolas de distinta cor, a probabilidade de extraer unha bóla dunha cor é igual ao número de bolas que hai desa cor, dividido entre o número total de bolas.




##### Exemplo

Nunha urna hai 2 bolas rosas, 3 verdes e 4 azuis. Cal é a probabilidade de obter unha bóla de cor vermella?

$$\left. \begin{array}{l} E = \{2R, 3V, 4A\} \\ A = \{2R\} \end{array} \right\} \Rightarrow P(A) = \frac{2}{2 + 3 + 4} = \frac{2}{9}$$

#### 3.3. Problemas de dados

Se non se especifica o tipo de dado, supонse que é un de 6 caras numeradas do 1 ao 6. Pero existen moitos outros tipos de dado. Por exemplo: dados de quinielas, dados con forma de tetraedro, octaedro, dodecaedro, icosaedro, etc. Se son regulares, a probabilidade dunha cara é igual a un dividido entre o número total de caras que teña o dado.



### Exemplo

Bótase ao aire un dado con forma de octaedro e coas caras numeradas do 1 ao 8. Cal é a probabilidade de obter un múltiplo de 3?

$$\left. \begin{array}{l} E = \{1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8\} \\ A = \{3, 6\} \end{array} \right\} \Rightarrow P(A) = \frac{2}{8} = \frac{1}{4} = 0,25$$

## 3.4. Problemas de cartas



Se nun problema non se especifica o tipo de baralla, supонse que é a baralla española normal, que ten 40 cartas distribuídas en catro paus: ouros, copas, espadas e bastos. Cada pau ten 10 cartas numeradas 1 (as), 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 (sota), 11 (cabalo) e 12 (rei). Chámense **figuras** ás sotas, aos cabalos e aos reis, que no total son 12 cartas.

Tamén hai barallas españolas de 48 cartas, que engaden os oitos e os noves; e de 52 cartas que, ademais, engaden os deces, que son distintos das sotas.

É moi típica tamén a baralla francesa, con 52 cartas distribuídas en dúas cores: vermello e negro. Pola súa parte, as vermellos divídense en dous paus: corazóns e diamantes, e as negras noutros dous paus: picas e trevos. Cada un dos paus ten os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10; e as letras J, Q e K.

### Exemplo

Extráese unha carta dunha baralla española de 40 cartas. Cal é a probabilidade de que sexa unha figura?

$$E = \{1O, 2O, 3O, \dots, 11B, 12B\}$$
 En total, 40 cartas.

$$A = \{1O, 11O, 12O, 10C, 11C, 12C, 10E, 11E, 12E, 10B, 11B, 12B\}$$
 En total, 12 cartas.

$$P(A) = \frac{12}{40} = \frac{3}{10} = 0,3$$

$$12 \boxed{ab/c} 40 = \boxed{3} \sqcup \boxed{10}$$



## APLICA A TEORÍA

12 Calcula a probabilidade de obter cruz, X, ao botar ao aire unha moeda dun euro.

13 Calcula a probabilidade de obter unha bolla de cor azul ao extraer unha bolla dunha urna que ten 3 bollas vermellos, 5 azuis e 2 verdes.

14 Calcula a probabilidade de obter un número par ao botar ao aire un dado de forma cúbica e coas caras numeradas do 1 ao 6.

15 Calcula a probabilidade de obter un número múltiplo de 4 ao botar ao aire un dado con forma de dodecaedro e coas caras numeradas do 1 ao 12.

16 Calcula a probabilidade de obter unha copa ao extraer unha carta dunha baralla española de 40 cartas.

17 Calcula a probabilidade de obter un K ao extraer unha carta dunha baralla francesa.

18 Nunha caixa hai 80 parafusos, dos que 5 son defectuosos, e extráese un ao azar. Calcula a probabilidade de que sexa un dos defectuosos.

19 O dianteiro dun equipo de fútbol mete dous goles de cada 5 balóns que tira a porta. Cal é a probabilidade de que a próxima vez que tire a porta meta gol?

# 4. Experimentos compostos

PENSA E CALCULA



Unha familia ten dous fillos. Calcula mentalmente:

- a) A probabilidade de que os dous sexan homes.
- b) A probabilidade de que os dous sexan mulleres.
- c) A probabilidade de que un sexa home, e o outro, muller.

## 4.1. Experimento composto

Un **experimento composto** é o que está formado por varios experimentos simples.

### Exemplo

Botar dúas moedas, ou ben botar a mesma moeda dúas veces.

Botar tres moedas, ou ben botar a mesma moeda tres veces.

Botar dous dados, ou ben botar o mesmo dado dúas veces.

Botar unha moeda e un dado.

## 4.2. Diagrama cartesiano

	1	2	3	4	5	6
1	2	3	4	5	6	7
2	3	4	5	6	7	8
3	4	5	6	7	8	9
4	5	6	7	8	9	10
5	6	7	8	9	10	11
6	7	8	9	10	11	12

$$P(8) = \frac{5}{36} = 0,14$$

Un **diagrama cartesiano** é unha táboa de dobre entrada, que ten utilidade en experimentos compostos formados por dous simples. Na fila superior colócanse os sucesos elementais dun experimento simple e na columna da esquerda, os sucesos elementais do outro experimento simple.

### Exemplo

Calcula a probabilidade de que, ao botar dous dados, a suma dos números obtidos sexa 8. Que suma é a máis probable?

A suma máis probable é 7, porque é a suma que máis veces se repite.

## 4.3. Diagrama en árbore

Un **diagrama en árbore** é un diagrama que se fai para resolver os problemas de experimentos compostos, e chámase así porque está formado por ramas.


Unha **rama** é cada unha das frechas do diagrama. Sempre se escribe nelas a probabilidade que corresponde a un experimento simple.

Un **camiño** é un conxunto de ramas que van desde o principio ao final.

### Con devolución e sen devolución

Cando se extraen dúas bolas dunha urna, pódese facer «con devolución» ou «sen devolución». Se é «con devolución», ao extraer a segunda bola vólvense ter outra vez todas as bolas; e se é «sen devolución», ao extraer a segunda bola faltarán a que se obtivo anteriormente. Cando se extraen dúas a un tempo, é o mesmo que extraer «sen devolución»: primeiro unha e despois outra.


O mesmo sucede ao extraer dúas ou máis cartas dunha baralla.



## 4.4. Regra do produto

A **regra do producto ou da probabilidade composta** di que a probabilidade dun camiño nun diagrama de árbore é igual ao producto das probabilidades das ramas que o forman.

Intuitivamente observamos que, se hai varias ramas dun camiño e se teñen que verificar todas, a probabilidade diminúe, logo parece lóxico que se multipliquen as probabilidades (observa que ao multiplicar probabilidades o resultado diminúe, porque son números comprendidos entre cero e un:  $0,2 \cdot 0,3 = 0,06$ )



### Exemplo


Calcula a probabilidade de obter dúas copas ao extraer sen devolución dúas cartas dunha baralla española de 40 cartas.

$$P(CC) = P(C) \cdot P(C) = \frac{10}{40} \cdot \frac{9}{39} = \frac{1}{4} \cdot \frac{3}{13} = \frac{3}{52} = 0,06$$

## 4.5. Regra da suma

A **regra da suma ou da probabilidade total** di que a probabilidade de varios camiños nun diagrama de árbore é igual á suma das probabilidades de cada un dos camiños.

Intuitivamente observamos que, se se teñen varios camiños que se poden verificar, a probabilidade aumenta, logo parece lóxico que se sumen as probabilidades.



### Exemplo

Calcula a probabilidade de obter dúas bolas de distinta cor ao extraer dúas bolas sen devolución dunha urna que contén 4 bolas rosas e 3 verdes.

$$\begin{aligned} P(\text{Distinta cor}) &= P(RV) + P(VR) = P(R) \cdot P(V) + P(V) \cdot P(R) = \\ &= \frac{4}{7} \cdot \frac{3}{6} + \frac{3}{7} \cdot \frac{4}{6} = \frac{4}{7} \cdot \frac{1}{2} + \frac{3}{7} \cdot \frac{2}{3} = \frac{2}{7} + \frac{2}{7} = \frac{4}{7} = 0,57 \end{aligned}$$

## APLICA A TEÓRIA

20 Fai un diagrama cartesiano para o experimento de botar ao aire dúas moedas, e calcula a probabilidade de obter:

- a) Dúas caras.
- b) Dúas cruces.
- c) Unha cara e unha cruz.

21 Fai un diagrama en árbore para o experimento de botar ao aire tres moedas, e calcula a probabilidade de obter:

- a) Tres caras.
- b) Dúas caras e unha cruz.
- c) Unha cara e dúas cruces.
- d) Tres cruces.

22 Calcula a probabilidade de obter dúas bolas azuis ao extraer dúas bolas sen devolución dunha urna que contén 5 bolas vermelhas e 5 azuis.

23 Calcula a probabilidade de obter dous ases ao extraer dúas cartas con devolución dunha baralla española de 40 cartas.

24 Calcula a probabilidade de obter un I e un X, ou un X e un I, ao botar un dado de quinielas dúas veces.

25 Fai o diagrama cartesiano do experimento de botar ao aire unha moeda e un dado de 6 caras, e calcula a probabilidade de obter cara e múltiplo de 3

# Exercicios e problemas



## 1. Experimentos aleatorios

- 26 Clasifica os seguintes experimentos en deterministas ou de azar:
- Deixar caer un libro desde unha mesa.
  - Botar un dado ao aire.
  - Extraer unha bóla de cor dunha bolsa sen ver o interior.
  - Apagar o interruptor da luz.
- 27 Escribe dous experimentos de azar.
- 28 Escribe dous experimentos deterministas.
- 29 No experimento de botar ao aire un dado con forma de cubo, coas caras numeradas do 1 ao 6, atopa:
- O suceso seguro.
  - Un suceso imposible.
- 30 No experimento de botar ao aire un dado con forma de octaedro e coas caras numeradas do 1 ao 8, calcula:
- O espazo da mostra.
  - Os sucesos elementais.
  - O suceso A, formado polos múltiplos de 4
  - O suceso contrario  $\bar{A}$
  - O suceso B, formado por números impares.
  - O suceso  $A \cup B$
  - O suceso  $A \cap B$ . Os sucesos A e B son compatibles ou incompatibles?

## 2. Regra de Laplace

- 31 Botamos 100 veces ao aire unha moeda e obtense cara 45 veces. Calcula:
- A frecuencia absoluta de obter cruz.
  - A frecuencia relativa de obter cruz.
- 32 No lanzamento dun dado cúbico coas caras numeradas do 1 ao 6, calcula as frecuencias relativas de obter un número impar, e debuxa o gráfico lineal correspondente.

N	20	40	60	80	100
n	13	25	28	35	48
f					

Que probabilidade de que saia un número impar deduces que ten?

- 33 Aplicando a regra de Laplace, calcula a probabilidade de obter un número múltiplo de 3 ao botar un dado con forma de dodecaedro, coas caras numeradas do 1 ao 12
- 34 Se nun experimento  $P(A) = 2/5$ , calcula  $P(\bar{A})$
- 35 Se os sucesos A e B son incompatibles con:  $P(\bar{A}) = 1/5$  e  $P(B) = 1/6$ , calcula:  $P(A \cup B)$
- 36 Se os sucesos A e B son compatibles con:  $P(A) = 2/5$ ,  $P(B) = 3/4$  e  $P(A \cap B) = 2/9$ , calcula  $P(A \cup B)$

## 3. Experimentos simples

- 37 Calcula a probabilidade de obter cara, C, ao botar ao aire unha moeda de 2 €
- 38 Calcula a probabilidade de obter unha bóla de cor vermella ao extraer unha bóla dunha urna que ten 4 bolas vermelhas, 7 azuis e 5 verdes.
- 39 Calcula a probabilidade de obter un número múltiplo de 5 ao botar ao aire un dado con forma de icosaedro, coas caras numeradas do 1 ao 20
- 40 Calcula a probabilidade de obter un as ao extraer unha carta dunha baralla española de 40 cartas.
- 41 Calcula a probabilidade de obter unha carta vermella ao extraer unha carta dunha baralla francesa.
- 42 No equipo de música dun coche metemos 10 CD: catro son de rock; tres, de música clásica; e tres, de música folk. Se eliximos un ao azar, calcula a probabilidade de que sexa de rock.

## 4. Experimentos compostos

- 43 Calcula a probabilidade de obter dous números que sumen 5 ao botar ao aire dous dados.
- 44 Calcula a probabilidade de obter dous bastos ao extraer con devolución dúas cartas dunha baralla española de 40 cartas.
- 45 Calcula a probabilidade de obter un 1 e un 2, ou un 2 e un 1, ao botar dúas veces un dado de quinielas.
- 46 Calcula a probabilidade de obter dúas bolas de

# Exercicios e problemas

distinta cor ao extraer dúas bolas con devolución dunha urna que contén 3 bolas vermelhas e 5 azuis.

## Para ampliar

48 No experimento de botar unha moeda ao aire, Calcula:

- a) O espazo da mostra.
- b) Os sucesos elementais.
- c) Se  $A = \{C\}$ , o suceso contrario  $\bar{A}$
- d) Se  $B = \{X\}$ , o suceso  $A \cup B$
- e) O suceso  $A \cap B$ . Os sucesos A e B son compatibles ou incompatibles?

49 Se  $P(Z) = 1$ , cal é o suceso Z?

50 Se  $P(Y) = 0$ , cal é o suceso Y?

51 Se  $P(A) = 0,5$ , cal é más probable, A ou  $\bar{A}$ ?

52 Se  $P(A) = 1/3$ ,  $P(B) = 1/2$  e  $P(A \cup B) = 5/6$ , como son os sucesos A e B, compatibles ou incompatibles?

53 Aplicando a regra de Laplace, calcula a probabilidade de obter unha bola de cor azul ao extraer unha bola dunha urna que contén 5 bolas azuis. Que podes dicir do suceso «extraer bola azul»?

54 Ao botar ao aire unha moeda de 1 €, que é más probable, que saia cara ou que saia cruz?

47 Calcula a probabilidade de obter cara e un número par ao botar ao aire unha moeda e un dado.



55 Nun dado de quinielas, cal dos signos I, X, 2 é o más probable?

56 Calcula a probabilidade de obter unha bola de cor vermelha ou verde ao extraer unha bola dunha urna que contén 5 bolas vermelhas, 6 azuis e 7 verdes.

57 Calcula a probabilidade de obter un número múltiplo de 2 e de 3 ao botar ao aire un dado con forma de icosaedro, coas caras numeradas do 1 ao 20

58 Calcula a probabilidade de obter un as ou un rei ao extraer unha carta dunha baralla española de 52 cartas.

59 Calcula a probabilidade de obter unha carta de corazóns ao extraer unha carta dunha baralla francesa.

60 Calcula a probabilidade de que, nunha familia con tres fillos, sexan os tres do mesmo sexo.

## Con calculadora

61 Se A e B son sucesos incompatibles e  $P(A) = 2/7$ ,  $P(B) = 7/15$ , calcula  $P(A \cup B)$

62 Se  $P(A) = 2/9$ ,  $P(B) = 3/5$  e  $P(A \cap B) = 1/8$ , calcula  $P(A \cup B)$



d) O suceso contrario  $\bar{A}$

e) O suceso B, formado polos números impares.

f) O suceso  $A \cup B$

g) O suceso  $A \cap B$ . Os sucesos A e B son compatibles ou incompatibles?

## Problemas

63 No experimento de botar ao aire un dado con forma de cubo, coas caras numeradas do 1 ao 6, atopa:

- a) O espazo da mostra.
- b) Os sucesos elementais.
- c) O suceso A formado polos números pares.

# Exercicios e problemas

- 64 Aplicando a regra de Laplace, calcula a probabilidade de obter unha búa de cor vermella ao extraer unha búa dunha urna que contén 5 búlas verdes e 6 vermelas.
- 65 Aplicando a regra de Laplace, calcula a probabilidade de obter un naipe de ouros ao extraer unha carta dunha baralla española de 40 cartas.
- 66 Se  $P(A) = 0,5$ ,  $P(B) = 0,7$  e  $P(A \cap B) = 0,4$ , calcula  $P(A \cup B)$
- 67 Calcula a probabilidade de obter un número primo ao botar ao aire un dado de forma cúbica coas caras numeradas do 1 ao 6
- 68 Calcula a probabilidade de obter un número múltiplo de 3 e 4 ao botar ao aire un dado con forma de icosaedro coas caras numeradas do 1 ao 20
- 69 Calcula a probabilidade de obter unha figura ao extraer unha carta dunha baralla española de 40 cartas.
- 70 Calcula a probabilidade de obter un as ou un K ao extraer unha carta dunha baralla francesa.
- 71 Catro nenos e cinco nenas forman un círculo. No centro está Lola, cos ollos tapados. Calcula a probabilidade de que colla a un neno.
- 72 Un dado trucado ten as seguintes probabilidades  $P(1) = P(3) = P(5) = 0,1$ ;  $P(6) = 0,3$  e  $P(2) = P(4) = 0,2$ . Calcula a probabilidade de obter número par.
- 73 Sonia ten nun caixón totalmente desordenado un par de calcetíns de cor vermella, outro par de cor verde e outro par de cor azul. Un día vístese ás escuras. Calcula a probabilidade de que poña os dous calcetíns da mesma cor.
- 74 Calcula a probabilidade de obter dúas figuras ao extraer sen devolución dúas cartas dunha baralla española de 48 cartas.
- 75 Bótanse dous dados ao aire. Calcula a probabilidade de que o producto dos dous números obtidos sexa 12
- 76 Calcula a probabilidade de obter dúas cartas vermelhas ao extraer dunha vez dúas cartas dunha baralla francesa.
- 77 Calcula a probabilidade de obter tres ouros ao extraer con devolución tres cartas dunha baralla española de 40 cartas.

## Para profundar

- 78 Se A e B son sucesos incompatibles, pode ser  $P(A) = 1/2$  e  $P(B) = 3/4$ ?
- 79 Aplicando a regra de Laplace, calcula a probabilidade de obter un cinco ao extraer unha carta dunha baralla española de 40 cartas.
- 80 Se A e B son sucesos compatibles, pode ser  $P(A) = 0,3$ ,  $P(B) = 0,5$  e  $P(A \cap B) = 0,4$ ?
- 81 Aplicando a regra de Laplace, calcula a probabilidade de obter unha búa de cor negra ao extraer unha búa dunha urna que contén 2 búlas vermelhas e 3 azuis. (O enunciado deste problema é correcto).
- 82 Calcula a probabilidade de obter unha búa de cor vermella ou azul ao extraer unha búa dunha urna que ten 4 búlas vermelhas, 5 azuis e 3 verdes.
- 83 Calcula a probabilidade de obter un número par e múltiplo de 3 ao botar ao aire un dado con forma de dodecaedro e coas caras numeradas do 1 ao 12
- 84 Calcula a probabilidade de non obter unha figura ao extraer unha carta dunha baralla española de 48 cartas.
- 85 Un dado trucado ten as seguintes probabilidades  $P(1) = x$ ,  $P(2) = 2x$ ,  $P(3) = 3x$ ,  $P(4) = 4x$ ,  $P(5) = 5x$ ,  $P(6) = 6x$ . Calcula a probabilidade de obter número impar.
- 86 Calcula a probabilidade de obter dous ases ao extraer con devolución dúas cartas dunha baralla francesa.
- 87 Calcula a probabilidade de obter tres ases ao extraer dunha vez tres cartas dunha baralla española de 48 cartas.
- 88 Nunha urna temos 4 búlas marcadas co signo + e 6 búlas marcadas co signo -. Extraemos dúas búlas con devolución. Calcula a probabilidade de que as dúas búlas teñan o mesmo signo.
- 89 Unha fábrica ten tres máquinas, A, B e C. A máquina A fai 200 pezas cada hora, a B fai 300 e a C fai 500. Mediante os controis de calidade, sábese que a máquina A fai un 5% de pezas defectuosas, a B un 3% e a C un 2%. Calcula o tanto por cento de pezas defectuosas que produce a fábrica.

# Aplica as túas competencias



## A probabilidade e a medicina

Cando un laboratorio descobre un medicamento, despois dun estudo a fondo, proba en persoas voluntarias os seus beneficios, de maneira que se comprobe que non ten contraindicacións e que é eficaz para o tratamento dunha determinada doença.

- 90 Un laboratorio farmacéutico crea dous medicamentos, A e B. O medicamento A ensáiese en 50 pacientes, e melloran 35 deles; o medicamento B ensáiese en 75 pacientes, e deles melloran 45. Cal dos dous medicamentos é máis eficaz?
- 91 Nun grupo de alto risco, composto por 60 persoas, próbase unha vacina A contra a gripe; contraen a doença 15 delas. Noutro grupo de alto risco, formado por 50 persoas, próbase outra vacina B contra a gripe; contraen a doença 12 delas. Cal das dúas vacinas é máis eficaz?
- 92 Un laboratorio farmacéutico crea dous medicamentos (A e B) contra a SIDA. O medicamento A ensáiese en 80 pacientes, e melloran 25 deles; o medicamento B ensáiese en 60 pacientes, e deles melloran 15. Cal dos dous medicamentos é máis eficaz?

## Comproba o que sabes



- 1 Escribe a regra de Laplace e pon un exemplo.
- 2 Clasifica os seguintes experimentos como deterministas ou de azar:
- Sacar unha bóla dunha urna con bolas de distintas cores.
  - Poñer un xeado ao sol.
  - Saír de paseo sen paraguas mentres está chovendo.
  - Botar ao aire un dado de quinielas.
- 3 Botamos 80 veces un dado defectuoso e sae 24 veces o número 5. Calcula:
- A frecuencia absoluta de obter 5
  - A frecuencia relativa de obter 5
- 4 Se os sucesos A e B son compatibles e  $P(A) = 2/3$ ,  $P(B) = 2/5$ ,  $P(A \cap B) = 1/4$ , calcula  $P(A \cup B)$
- 5 Calcula a probabilidade de obter un múltiplo de 3 ao botar ao aire un dado de oito caras numeradas do 1 ao 8
- 6 Calcula a probabilidade de que, ao botar ao aire dous dados con forma de tetraedro e coas caras numeradas do 1 ao 4, os números obtidos sumen 6
- 7 Calcula a probabilidade de obter dúas bolas da mesma cor ao extraer sen devolución dúas bolas dunha urna que contén 5 bolas rosas e 4 verdes.
- 8 Calcula a probabilidade de obter dúas figuras ao extraer dúas cartas con devolución dunha baralla española de 40 cartas.




## 14. PROBABILIDADE

### Paso a paso

- 93** Investiga sobre a **Lei dos grandes números**: simula o lanzamento dun dado con forma de tetraedro e coas caras numeradas do 1 ao 4. Fai distintos lanzamentos, conta o número de

lanzamentos e as frecuencias absolutas de obter unha das caras, por exemplo o 3. Calcula as frecuencias relativas e represéntalas nun gráfico de liñas.

#### Solución:



#### Xeración da táboa de números

- Abre **Microsoft Excel** e, na **Folla1**, selecciona as columnas do A ao J facendo *clic* na cabeceira da columna A e *arrastrando* o rato deixa o J
- Coas columnas seleccionadas, no menú **Contextual** elixe **Ancho de columna...** escribe 2
- Fai *clic* na cela **A2** e escribe a fórmula = **ALEATORIAMENTE(1,4)**
- Arrasta* o **Controlador de recheo**, que é o cadradiño negro que aparece na parte inferior dereita da cela, deixa a cela **J2**
- Na cela **K2** introduce a fórmula =**CONTAR.SE (\$A\$2:J2;3)**
- Na cela **L2** introduce a fórmula =**CONTAR(\$A\$2:J2)**
- Na cela **M2** introduce a fórmula =**K2/L2**
- Tendo seleccionada a cela **M2**, selecciona na barra de menús **Inicio/Número**. Na ventá **Formato celas**, na ficha **Número**, elixe **Número**, e en **Posición de decimais** escribe 4
- Selecciona o rango **A2:M2** e *arrastra* o **Controlador de recheo** deixa a cela **M21**
- Escribe os textos da primeira fila e mellora a presentación poñéndolle cores ao texto e ao fondo.

#### Xeración do gráfico

- Na barra de menús elixe **Inserir**
- Selecciona o control de menús **Línea** / **Línea con marcadores**
- Elixe **Seleccionar datos**, no cadro de texto **Rango de datos do gráfico** **selecciona co rato** o rango **M2:M21**; No marco **Etiquetas do eixe horizontal** fai *clic* no botón **Editar**, no cadro de texto **Rango de rótulos do eixe** **selecciona co rato** o rango **L2:L21**



- d) Selecciona **Deseño**/ **Deseño 1**, ponlle o título.
- e) Mellora a presentación do gráfico a través do menú **Formato**, ou do menú **Contextual** dos seus obxectos.
- f) Garda o libro na túa carpeta co nome **14**
- g) Logo preme varias veces a tecla **[F9]** e verás que, automaticamente, rexeneranse as táboas.

## Así funciona

---

### Xerar números aleatorios

A función **ALEATORIAMENTE()** xera un número aleatorio maior ou igual que 0 e menor que 1

**ALEATORIAMENTE(1,4)** xera un número aleatorio maior ou igual que 0 e menor que 4

**ENTEIRO(ALEATORIAMENTE(1,4))** calcula a parte enteira e xera os números 0, 1, 2 e 3

**1 + ENTEIRO(ALEATORIAMENTE(1,4))** xera os números 1, 2, 3 e 4

### Contar números

**CONTAR(rango)** conta os números que hai no rango.

**CONTAR.SE(rango;3)** conta no rango o número de veces que aparece o 3

### Copiar datos e fórmulas

A partir da **Folla1** pódense obter as follas seguintes para realizar os exercicios 94, 95, 96 e 97

- a) Elimina as follas: **Folla2** e **Folla3**
- b) Para copiar a **Folla1** elixe na barra de menús **Inicio/Formato/Mover ou copiar folla...**. Na ventá **Mover ou copiar** elixe **(mover ao final)** e activa a cuadrícula de verificación **Crear unha copia**
- c) Cambia o nome da folla e ponlle **Folla2**
- d) Modifica esta folla para que se adapte aos datos do primeiro problema do **Practica**
- e) Para cada un dos exercicios seguintes procédere da mesma maneira.

## Practica

---

**94** Na **Folla 2** do mesmo libro, investiga sobre a **Lei dos grandes números**: simula o lanzamento dun dado de forma cúbica, coas caras numeradas do 1 ao 6. Realiza distintos lanzamentos e conta o número de lanzamientos e as frecuencias absolutas de obter unha das caras, por exemplo, o 5. Calcula as frecuencias relativas e represéntaas nun gráfico de liñas.

**95** Na **Folla 3** do mesmo libro, fai outro estudio análogo ao anterior para un dado de forma octaédrica, coas caras numeradas do 1 ao 8, e relativo a obter, por exemplo, o 6

**96** Na **Folla 4** do mesmo libro, fai outro estudio análogo ao anterior para un dado con forma de dodecaedro, coas caras numeradas do 1 ao 12, e relativo a obter, por exemplo, a cara 9

**97** Na **Folla 5** do mesmo libro, fai outro estudio análogo ao anterior para un dado con forma de icosaedro, coas caras numeradas do 1 ao 20, e relativo a obter, por exemplo, o 15

**98** Ao final, garda o libro **Probabilidade** completo con todas as follas de cálculo.

**99** **Internet.** Abre a web: [www.xerais.es](http://www.xerais.es) e elixe **Matemáticas, curso e tema**.



## 14. PROBABILIDADE


### Paso a paso

- 93 Investiga sobre a **Lei dos grandes números**: simula o lanzamento dun dado con forma de tetraedro e coas caras numeradas do 1 ao 4. Fai distintos lanzamentos, conta o número de

lanzamentos e as frecuencias absolutas de obter unha das caras, por exemplo o 3. Calcula as frecuencias relativas e represéntaas nun gráfico de liñas.

#### Solución:

A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M	
1		Lanzamento do dado									Fr. abs. 3	N. de lanzamientos	
2	3	1	1	3	3	3	2	1	3	2	5	10	0,5000
3	1	1	2	4	1	4	2	3	1	4	6	20	0,3000
4	1	2	3	2	4	2	1	4	1	1	7	30	0,2333
5	2	4	1	3	2	3	1	4	3	3	11	40	0,2750
6	1	4	4	3	4	4	3	1	3	3	15	50	0,3000
7	1	3	4	3	1	3	1	2	3	1	19	60	0,3167
8	2	1	4	2	3	1	1	4	1	4	20	70	0,2857
9	3	1	4	2	4	3	2	2	4	4	22	80	0,2750
10	4	4	3	4	3	3	2	3	4	1	25	90	0,2889
11	3	2	1	2	3	4	3	4	3	3	31	100	0,3100
12	3	2	4	2	3	3	1	4	4	4	34	110	0,3091
13	4	4	4	2	3	2	1	1	4	4	35	120	0,2917
14	2	3	2	2	1	4	2	3	3	1	38	130	0,2923
15	2	2	2	2	3	4	1	4	4	1	39	140	0,2786
16	3	3	4	3	1	3	4	1	4	4	43	150	0,2867
17	1	1	2	2	3	2	2	4	1	1	44	160	0,2750
18	4	3	2	2	4	1	2	1	4	1	45	170	0,2647
19	1	3	4	1	1	4	3	1	4	2	47	180	0,2611
20	4	4	3	2	1	1	3	2	1	4	48	190	0,2579
21	3	1	2	4	2	2	1	4	2	4	50	200	0,2500



#### Xeración da táboa de números

- Abre **Calc** e, na **Folla1**, selecciona as columnas do A ao J facendo *clic* na cabeceira da columna A e arrastrando o rato deixa o J
- Coas columnas seleccionadas, elixe na barra de menús **Formato/Columna/Ancho...** e en **Ancho** de columna escribe **0,50 cm**
- Fai *clic* na cela A2 e escribe a fórmula: = **ALEATORIAMENTE(1,4)**
- Arrastra o **Controlador de recheo**, que é o cadradiño negro que aparece na parte inferior dereita da cela, deixa a cela J2
- Na cela K2 introduce a fórmula = **CONTAR.SE(\$A\$2:J2;3)**
- Na cela L2 introduce a fórmula = **CONTAR(\$A\$2:J2)**
- Na cela M2 introduce a fórmula = **K2/L2**
- Tendo seleccionada a cela M2, selecciona na barra de menús **Formato/Celas...** A continuación, na ventá **Formato de celas**, na ficha **Números**, elixe **Número**, e en **Opcións/Decimais** escribe 4
- Marca o rango A2:M2 e arrastra o **Controlador de recheo** deixa a cela M21
- Escribe os textos da primeira fila e mellora a presentación poñéndolle cores ao texto e ao fondo.

#### Xeración do gráfico

- Eixe **Inserir diagrama** e fai *clic* en calquera lugar da folla.
- No cadro de texto **Intervalo** selecciona co rato o rango L2:M21, desactiva a cuadrícula de verificación **Primeira fila como etiqueta**. Logo, fai *clic* no botón **Seguinte**
- Selecciona o gráfico **Liñas** e fai *clic* no botón **Seguinte**
- En **Seleccione unha variante** elixe **Normal** e fai *clic* no botón **Seguinte**



- e) En **Título de diagrama** escribe **Lei dos grandes números**. Desactiva a cuadrícula de verificación **Lenda**. Activa a cuadrícula de verificación **Eixe X**, escribe **Número de lanzamientos**. A continuación, activa a cuadrícula de verificación **Eixe Y**, escribe **Frecuencias relativas do 3**. Fai *clic* no botón **Crear**
- f) Mellora a presentación do gráfico a través do menú **Contextual** dos seus obxectos para que quede como o da parte superior ou mellor.
- g) Cando termines, elixe **Gardar** e gárdalo co nome **14**
- h) Preme varias veces **[Maiúsculas][Ctrl][F9]** e verás como automaticamente se rexeneran as táboas e o gráfico. Observa que case sempre tende cara a **0,25**

## Así funciona

### Controlador de recheo

É o cadradiño negro que aparece na parte inferior dereita da cela ou rango seleccionado. Se dentro da cela ou rango seleccionado hai unha fórmula e *se arrasta* o **Controlador de recheo**, faise unha copia relativa da fórmula seleccionada.

### Xerar números aleatorios

A función **ALEATORIAMENTE()** dá un número aleatorio maior ou igual que 0 e menor que 1

**ALEATORIAMENTE(1,4)** dá un número aleatorio maior ou igual que 0 e menor que 4

**ENTEIRO(ALEATORIAMENTE(1,4))** calcula a parte enteira, dará os números: 0, 1, 2 e 3

**1 + ENTEIRO(ALEATORIAMENTE(1,4))** dará os números 1, 2, 3 e 4

### Contar números

**CONTAR(rango)** conta os números que hai no rango.

**CONTAR.SE(rango;3)** conta no rango o número de veces que aparece o 3

### Copiar datos e fórmulas

A partir da **Folla1** pódense crear as follas seguintes copiando dunha vez os datos e o gráfico.

Para copiar os datos e o gráfico da **Folla1** márcanse, escóllese copiar, vaise á **Folla2** e escóllese pegar. A continuación só hai que facer modificacións para que se axuste ao problema 2. Procédese de igual maneira co gráfico.

## Practica

**94** Na **Folla 2** do mesmo libro, investiga sobre a **Lei dos grandes números**: simula o lanzamento dun dado de forma cúbica, coas caras numeradas do 1 ao 6. Realiza distintos lanzamentos e conta o número de lanzamientos e as frecuencias absolutas de obter unha das caras, por exemplo, o 5. Calcula as frecuencias relativas e represéntalas nun gráfico de líñas.

**95** Na **Folla 3** do mesmo libro, fai outro estudo análogo ao anterior para un dado de forma octaédrica, coas caras numeradas do 1 ao 8, e relativo a obter, por exemplo, o 6

**96** Na **Folla 4** do mesmo libro, fai outro estudo análogo ao anterior para un dado con forma de dodecaedro, coas caras numeradas do 1 ao 12, e relativo a obter, por exemplo, a cara 9

**97** Na **Folla 4** do mismo libro, fai outro estudo análogo ao anterior para un dado con forma de icosaedro, coas caras numeradas do 1 ao 20, e relativo a obter, por exemplo, o 15

**98** Ao final, garda o libro **Probabilidade** completo con todas as follas de cálculo.

**99** **Internet.** Abre a web: [www.xerais.es](http://www.xerais.es) e elixe **Matemáticas, curso e tema**.